

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TORDOIA

Decreto de nomeamento de tenentes de alcalde

ANUNCIO

DECRETO DE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

A Alcaldía, con data 08/09/2020, ditou o DECRETO n.º 247/2020, que literalmente se transcribe:

“Tras a vacante producida pola renuncia anticipada dun concelleiro, resulta necesario establecer a nova organización municipal e en particular a designación dos tenentes de alcalde.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

Primeiro.–Nomear tenentes de alcalde deste Concello e pola orde que se indica aos seguintes concelleiros:

- Primeiro tenente de alcalde: Inés Santos Pereiro.
- Segundo tenente de alcalde: Óscar Liñares Casal.

Aos tenentes de alcalde así designados, correspóndelles substituír ao Alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

Segundo.–Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, e publicar a resolución de nomeamento no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da presente resolución.

Terceiro.–Dar conta ao Pleno do Concello deste Decreto na primeira sesión extraordinaria que se convoque ao efecto.

Mándao e asíño a señor alcalde en Tordoia a oito de setembro de dous mil vinte.

O alcalde,

Eduardo Antonio Pereiro Liñares”

Tordoia, a 14 de setembro de 2020.

O alcalde

E. Antonio Pereiro Liñares

2020/6399